



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

galicia

Resolución do 12 de abril de 2017 pola que se completa a Resolución do 31 de marzo de 2016 na que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) ao abeiro do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2012, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C).

A Orde do 17 de outubro de 2012 (DOG núm. 205, do 26 de outubro de 2012), establece as bases para a concesión das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C) para o ano 2012. O anexo I da citada orde está dedicado a regular a modalidade A destas axudas e establece no seu artigo 6, que unha vez finalizado o contrato, as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación para conceder ou non a acreditación de ter superado con aproveitamento o programa.

De acordo co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, correspondenlle á Secretaría Xeral de Universidades as competencias en materia de investigación universitaria.

A Instrucción 3/2016, do 8 de febreiro de 2016, da Secretaría Xeral de Universidades, establece as directrices que regulan o procedemento de avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do SUG ao abeiro do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2012. A avaliación levouse a cabo por expertos externos ao SUG, coa colaboración da axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia de acordo co establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 17 de outubro de 2012.

Con data do 31 de marzo de 2016 a Secretaría Xeral de Universidades ditou unha resolución pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do SUG ao abeiro da convocatoria do ano 2012 deste programa.

Nesa resolución non figuraba Gerardo Pérez Barcala, xa que se lle concedeu un aprazamento da avaliación da actividade investigadora por Resolución do 1 de marzo de 2016.

Unha vez realizada a avaliación e de acordo co informe dos expertos, a Secretaría Xeral de Universidades,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

galicia

RESOLVE:

Comunicar o resultado da avaliación do rendemento do seguinte investigador:

Investigadores do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2012, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C)					
1º Apellido	2º Apellido	Nome	DNI	Centro	Resultado Avaliación
Pérez	Barcala	Gerardo	****816G	USC	Apto

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2017

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de G Castro